

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ARBO****Outros documentos, notificacións e informacións públicas****APROBACIÓN PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA II MARCHA BTT DE ARBO**

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de decembro de 2015, adoptouse o seguinte acordó:

**"4.—APROBACIÓN PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN
NA II MARCHA BTT DE ARBO**

Dada a realización prevista da BTT de Arbo, un evento organizado polo Concello de Arbo, o fin de semana anterior a Semana da Festa da Lamprea, débese proceder a adopción do acordo de establecemento do prezo público para dita actividade así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Á vista da proposta de alcaldía de data 21 decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local por unanimidade,

A C O R D A :

PRIMEIRO: Fixar o prezo público por participación na competición deportiva municipal denominada " II Marcha BTT DE ARBO", do seguinte xeito:

**PREZO PÚBLICO POR PARTICIPACIÓN NA COMPETICIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL
DENOMINADA "II MARCHA BTT DE ARBO"****Artigo 1.—Obxecto**

Será obxecto deste prezo público a participación na competición deportiva municipal denominada "II Marcha BTT de Arbo" organizada e desenvolta polo Concello de Arbo.

Artigo 2.—Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende o momento no que se formalice a inscrición na referida competición nos termos previstos nas bases aprobadas para este evento.



O pagamento do prezo público deberá efectuarse mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulado de inscrición.

A inscrición sera no modelo facilitado polo Concello.

Coa solicitude de inscrición correspondente deberá achegarse copia do xustificante de pagamento.

Artigo 3.—Obrigados ao pagamento

Quedan obrigados ao pagamento dos prezos públicos regulados, as persoas e entidades que soliciten a inscrición nesta Marcha

Dita obriga nace no momento da solicitude de participación na actividade e extingúese co disfrute desta.

Artigo 4.—Contía

A contía do prezo publico fíxase en 5 €.—por participante

Artigo 5.—Normas de xestión. Administración e Cobranza

5.1. Forma de pagamento

Mediante ingreso no número de conta bancario que figura no formulario de inscrición.

5.2. Baixas e devolucións

a) Poderán solicitarse por escrito 20 días antes do inicio da competición, procedéndose á devolución da cantidade entregada a conta.

En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación do servizo.

b) Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo público, non se desenrole a actividade, procederá a devolución do importe que corresponda, previa petición da persoa ou entidade interesada, acompañando a súa petición o orixinal do xustificante de pagamento ou recibo acreditativo do pagamento realizado.

c) As débeda por prezos público poderán esixirse polo procedemento de constrinximento.



**Artigo 6.—Normas complementarias**

No non previsto no presente texto regulador e que faga referencia á aplicación, xestión, liquidación, inspección e recadación deste prezo público, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria e demais lexislación de carácter local e xeral que lles sexa de aplicación; en especial o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o Regulamento Xeral de Recadación e demais normativa concordante.

Artigo 7.—Entrada en vigor

Os presentes prezos públicos e o seu texto regulador entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no BOP."

SEGUNDO.—Dar publicidade a este acordo no BOP de Pontevedra"

O que se fai público, en cumprimento do disposto no RD Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais."

Arbo, 29 de decembro de 2015.—O alcalde, Horacio Gil Expósito.

